

UD5. OS MOVEMENTOS ARTÍSTICOS. ROCOCÓ. NEOCLÁSICO. GOYA. ROMANTICISMO E REALISMO

Durante o S.XVIII desenvóléronse en Europa varios estilos artísticos. Nas primeiras décadas continuou vixente a estética do Barroco, sendo moi importante a construción de palacios, que se converteron en símbolos do poder dos monarcas absolutos. O Rococó introduce unha nova estética coa que se decoraron moitos interiores de edificios barrocos. As recentemente fundadas Academias de Belas Artes estableceron as normas que debían ser seguidas polos artistas que traballaban en proxectos oficiais, e deron paso a unha nova estética, o estilo Neoclásico, que chegou ao pleno desenvolvemento nas décadas finais do S.XVIII e as primeiras do XIX. Ademais, existirán diferenzas entre países.

1. ARTE ROCOCÓ

O Rococó nace en Francia a partir de 1730 como unha arte ao servizo da aristocracia e a burguesía. Xurde como xeito de celebrar o luxo, a comodidade e a festa como reflexo do estilo de vida suntuoso e frívolo dos grupos sociais máis altos. É unha reacción ao peso simbólico do palacio de Versalles e á Arte Barroca como estilo máis lixeiro para a decoración dos palacios e residencias de nobres e alta burguesía. Máis tarde, cara a 1760, o Rococó comezou a decaer, sendo substituído a partir de 1780 por un estilo máis austero como o Neoclásico.

As principais características son:

- Arte mundana e sen máis pretensión que expresar a alegría, a festa, celebrar a vida e ser a expresión dun grupo social que busca un xeito de vivir entusiasta onde domina o humor, o erotismo e un ambiente frívolo.
- Aristócrata, como arte de certas elites (aristocracia e burguesía) que buscan relaxar a etiqueta e a solemnidade e engadir humor e certa picardía.
- Temas amorosos e sentimentais, con escenas pastorís e galantes, recreando as diversións desas elites narrándoas nun tono doce ou pícaro.
- Tamén tratan temas históricos, mitolóxicos e relixiosos, pero con moita menos solemnidade e sen sentido moralizante.
- Gusto polo erotismo, incluíndo nas obras figuras espidas camufladas como figuras mitolóxicas para evitar a crítica ou a censura.
- Arte excesivo e detallista, ornamentando todos os espazos de xeito imaxinativo, refinado e suntuoso.
- Interese na natureza, flora e fauna, con inspiración na arte oriental.
- Tonos neutros, tanto na decoración de interiores como en pintura, con cores pastel e branco, deixando as cores escuras e terrosas do Barroco.
- Decoración de interiores, especialmente en palacios, con formas irregulares e asimétricas con bordos que se enrolan sobre si mesmos (*rocalla*).
- Acumulación de elementos decorativos no interior dos edificios barrocos, con predominio da liña curva e asimétrica. Os espellos contribúen a multiplicar o efecto.

- Interese polas pezas de pequeno tamaño, moitas realizadas baixo a influencia da estética chinesa: lacas, esmaltes, porcelanas, teas pintadas...
- En pintura e escultura destaca o gusto polos temas sensuais, mundanos, coloristas, paisaxes, ocio, que agradan especialmente á aristocracia e á burguesía acomodada. Os temas relixiosos perden o dramatismo barroco para ser tratados de xeito máis amable e suave. Son protagonistas desta tendencia **Fragonard** e **Boucher**.

RETRATISTAS INGLESES

Os retratistas ingleses do S.XVIII forman un grupo de pintores caracterizados pola elegancia, bo gusto, distinción, paisaxes de fondo de visión poética. A temática recolle a tradición profana e laica. Os principais representantes son **Hogarth**, **Reynolds** e **Gainsborough**.

A PINTURA AO FRESCO

Foron importantes os frescos para a decoración dos interiores dos palacios barrocos europeos. A técnica consiste en pintar sobre os muros humedecidos e con cores diluídas en auga con cal. En España destacou o traballo de **Tiépolo**.

2. ARTE NEOCLÁSICA

Logo da exuberancia barroca e rococó, os artistas queren retornar á estética do clasicismo da antigüidade e axustarse a normas marcadas polas academias. O Neoclasicismo é un estilo artístico que supuxo unha ruptura co Barroco e o Rococó e os seus excesos decorativos para dar un xiro cara a austeridade. Foi un movemento propio da Ilustración e que se prolonga durante parte do S.XVIII, especialmente en Francia, Alemaña e Gran Bretaña. Domina a razón sobre calquera outro valor, dentro da época da Ilustración e a Enciclopedia.

O Neoclásico acada o seu apoxeo durante o Imperio Napoleónico. Os artistas imitan a arte grega e romana, ao que contribuíu o descubrimento das ruínas de Pompeia e Herculano en 1784. París converteuse en centro artístico, levantáronse grandes edificios e renovouse o seu trazado urbanístico.

Características da Arte Neoclásica:

- A razón é o centro da ciencia e a arte. A fantasía, a mística ou o sentimentalismo quedan nun segundo plano.
- Os principios son a funcionalidade, a claridade e a racionalidade, para o que se busca a orde, a harmonía e a pureza de liñas.
- Arte vencellado á burguesía, a clase social triunfante do momento.
- Imitación da arte grega, romana e renacentista, incorporando os seus elementos arquitectónicos (columnas, cúpulas, frontóns).
- Valor didáctico e moralizante tomando como modelo a arte antiga, xa que nel vían a perfección e a virtude.
- Ademais da razón, exáltanse principios liberais como a liberdade, a igualdade e a fraternidade.
- **ARQUITECTURA:**
 - O referente será a arte grega, considerando sus conceptos estéticos como superiores á arte romana.
 - Os materiais máis utilizados son a pedra e mármore, e novos materiais como o ferro.

- Elementos clásicos: arco de medio punto, frontóns, grandes cúpulas sobre tambores, ordens clásicas (dórica, xónica e corintia), decoracións de medallóns, relevos, guirnalas.
- Simplificación das formas con liñas rectas, simetría e volumes xeométricos. As fachadas son estáticas e con pórticos sobre columnas ao estilo dos templos clásicos.
- Variedade de construcións pensadas para o servizo dos cidadáns como museos, bibliotecas, teatros, bancos, portas monumentais e monumentos conmemorativos.
- Preocupación polo urbanismo, repensándose o espazo urbano para facelo máis racional e hixiénico.
- O arquitecto máis importante en Francia foi **Soufflot** (Panteón de París) e en España Juan de **Villanueva** (Museo do Prado).

- **PINTURA**

- A natureza é unha fonte de inspiración, pero dun realismo idealizado no que se manteñan as proporcións canónicas das esculturas clásicas gregas. As paisaxes son sereas e tranquilas.
- Os temas principais son a historia, a mitoloxía e a literatura, tratando as figuras espidas desde o punto de vista da moralidade, a virtude e o heroísmo.
- Nos retratos os rostros teñen unha actitude contida, serea e elegante, sen amosar sentimentos.
- As composicións son estáticas, xeométricas e equilibradas sen anécdotas nin outros elementos que distraian a atención do motivo principal da obra.
- Luces frías e claras, introducindo tons dourados e utilizando o claroscuro.
- O debuxo domina sobre a cor optando por cores pálidas, contornas definidas e detalles.
- En Francia destacan Jacques Louis **David** e **Ingres**.

- **ESCULTURA**

- A escultura neoclásica realízase principalmente en mármore, ao estilo das esculturas clásicas que eles crían sen policromar.
- As superficies púlense e son homoxéneas, evitando os efectos de claroscuro.
- Imitación da serenidade e a elegancia das esculturas clásicas, con poses contidas, sen diagonais nin movementos bruscos nin escorzos.
- Búscase a beleza formal.
- Os espidos son habituais, pero sen o erotismo do Rococó e con proporcións e equilibrio clásico.
- O retrato abunda, representándose ao retratado con certa idealización e toque realista.
- Destaca Canova entre os escultores.

3. FRANCISCO DE GOYA

Francisco de Goya (1746-1828) é un pintor imposible de encadrar nun determinado estilo artístico, porque foi un innovador da pintura, de xeito que serviu de referente a varios movementos pictóricos posteriores. A súa formación inicial foi académica, neoclásica, pero rápido destacou a súa forma persoal de pintar e a súa capacidade para innovar técnicas e temáticas.

- **1ª ETAPA (1774-92).** Céntrase nos cartóns para tapices, representando temas populares cunha estética neoclásica. Obras: *A pita cega*, *A vendima*, *O bambán*, *O parasol*, *A nevada*.

- **2ª ETAPA (1792-1808).** Como pintor de cámara de Carlos IV, realizou numerosos retratos, tanto de membros da familia real como de personaxes contemporáneos: Jovellanos, Condesa de Chinchón, Moratín, Godoy. *A familia de Carlos IV* é un retrato colectivo realista, pero no que trata con ironía e certa crítica á aristocracia, conseguindo o que poden chamarse retratos psicolóxicos. Aínda que non se sabe ben a quen representan, destacan nesta etapa os retratos de *A maja espida* e *A maja vestida*. Na serie de gravados *Os caprichos* trata uns temas moi diferentes, criticando unha sociedade española onde denuncia o escurantismo relixioso, a superstición, a incultura, a explotación dos máis humildes e a corrupción.
- **3ª ETAPA (1808-1828).** A invasión napoleónica inspiroulle dous cadros de tema histórico e de gran tamaño: *A carga dos mamelucos* e *Os fusilamentos do 3 de maio*. Tamén reflectiu os horrores da guerra na serie de gravados *Os desastres da guerra*. Representa a resistencia do pobo contra a invasión e critica a crueldade da guerra e dos que participan nela, independentemente dos bandos.
- A enfermidade que lle provocou unha xordeira total repercutiu no seu carácter e na súa obra. A partir de 1819 viviu retirado na Quinta do Xordo, na que realizou unha serie de obras coñecidas como “**pinturas negras**”: *Vellos comendo sopa*, *Saturno devorando a seu fillo*, *Loita con garrotes*, *Aquelarre*, etc. As cores vólvense escuras; a luz contribúe ao expresionismo; os fondos son neutros; os temas sombríos, pesimistas, case macabros, tráxicos e de difícil interpretación. Trátase de obras moi orixinais que abriron camiños a novas estéticas e que influirán a pintores posteriores.
- Goya exiliouse a Francia en 1824 polas súas ideas liberais, onde realizou novos gravados e pintou a súa derradeira obra, *A leiteira de Burdeos* (atribúese á súa man, pero podería ter sido realizada pola súa afillada e alumna Rosario Weiss).

4. O ROMANTICISMO

O Romanticismo, aínda que ten as súas primeiras manifestacións no S.XVIII, desenvolverase maioritariamente entre 1820 e 1850. Máis que estilo artístico, podemos considerar o Romanticismo como un movemento que xorde da oposición á frialdade estética do Neoclasicismo, en consonancia co ideario nacionalista e liberal da burguesía revolucionaria deste momento, e ten como trazos máis característicos a exaltación do individualismo e da liberdade, tanto persoal como nacional, a busca das raíces nacionais no pasado, a reivindicación do sentimento, e a tendencia á evasión no espazo e no tempo.

O Romanticismo eleva a categoría artística os temas de actualidade e a visión subxectiva do artista, rompendo coa tradición clásica, polo que se pode considerar o primeiro movemento de vangarda da Historia da Arte. Desenvolverase sobre todo na literatura e na pintura, onde, respondendo sempre á visión persoal do artista, abordará unha temática variada: acontecementos históricos ou actuais que reflicten os ideais románticos; temas relacionados coa Idade Media; gusto polo exótico, o imaxinado e o irracional; situacións límite ou desesperadas, que se prestaban á exaltación dos sentimentos; paisaxes sublimes ou pintorescas.

Formalmente as características xerais son: primacía da cor, pola súa capacidade expresiva; busca de dramatismo mediante as fortes contrastes lumínicas; composicións movidas e actitudes expresivas, fortes e vitalistas; técnica rápida, con pinceladas soltas e pastosas.

Os grandes centros artísticos deste momento son Inglaterra e Francia, onde París se consolida como capital da arte ata ben entrado o S.XX.

En **Francia**, na pintura romántica aparecerán dúas concepcións pictóricas: unha tendencia clasicista, representada por Ingres (clasificado como Neoclásico), e a tendencia colorista de Delacroix e Géricault.

Delacroix mostrará nos seus temas o gusto polo exotismo, e a idea de liberdade persoal ou nacional (*A liberdade guiando ao pobo*, 1830, *A matanza de Quíos*, 1824), expresando, ao igual que Géricault, o compromiso social do artista. A súa pincelada é solta, o cromatismo moi acusado, e as composicións complexas.

O **Romanticismo inglés** carece, en xeral, de dimensión política; a súa gran aportación reside no tratamento da paisaxe, que transmite unha nova visión da natureza, moi emocional, reflectindo estados anímicos, sentimentos e paixóns. **John Constable** realiza obras de temas pintorescos e apacibles sobre apuntamentos tomados do natural, nas que a liña case desaparece fronte as manchas de cor e os efectos lumínicos. Igualmente, **William Turner** representará a natureza axitada, turbulenta e pasional, en obras compostas por pouco máis que manchas de cor e luz que insinúan efectos atmosféricos.

En **Alemaña** sobresaí a figura de **David Friedrich**, quen nos achega na súa pintura unha visión do home superado polas forzas da natureza. Pintará paisaxes dramáticas, nas que a insignificante presenza do home deixa paso á inmensidade das forzas da natureza.

5. O REALISMO

A mediados do S.XIX iniciouse unha nova corrente artística, o Realismo, que defendía conceptos estéticos e temáticos moi diferentes ao Romanticismo, incluso ás veces opostos.

O Realismo é un novo movemento artístico que, tanto na literatura como nas artes plásticas, se centrará na realidade máis cercana e cotiá, deixando atrás o espírito romántico de evasión e idealización histórica. Terá gran pulo na Francia de mediados do S.XIX (1848-1870) e na súa xénese están os cambios socioeconómicos dese momento, entre eles a implantación da burguesía no poder, os problemas sociais da industrialización, e o desencanto polo fracaso dos procesos revolucionarios de 1848.

As innovacións afectarán sobre todo ao eido temático: temáticas do presente, que tentan ser tratados con aparente obxectividade, ás veces cunha clara actitude de denuncia política e social. As imaxes non se idealizan, o enfoque é directo. Formalmente, priman na composición os esquemas casuais, por influencia da aparición da fotografía, e a técnica libre. Os pintores franceses **Courbet**, **Millet** e **Daumier** exemplificarán coas súas obras as características deste movemento.

No Realismo, a paisaxe despóxase do significado simbólico e idealista que lle dera o Romanticismo e pasa a representar a realidade. Os paisaxistas do realismo concéntranse nos aspectos formais da paisaxe, que interesarán por si mesmos. Aquí comezará un camiño cara a exploración de valores plásticos da pintura que iniciará a arte moderna e o Impresionismo. Nesta evolución da pintura paisaxística é fundamental a aportación de **Jean Baptiste Corot** e da **Escola de Barbizon**, en Francia, que pintan paisaxes caracterizadas polo tratamento obxectivo da natureza, en paisaxes que xa non están idealizadas, e que presentan unha técnica case abocetada, resultado da pintura ao aire libre, das pinceladas curtas e das cores claras no que interesan os efectos da luz e da atmosfera sobre os obxectos.